

# PLAN DE CONTINXENCIA

**2020/21**

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e a *Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia*

**O Plan de Continxencia do CPR SANTO TOMÁS ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.**

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABRUCHO**

No “Plan de Adaptación ao contexto Covid” do CPR Sto. Tomás, poden verse os protocolos de actuación a seguir en caso dun abrocho, de todas formas dun xeito máis detallado as medidas serían:

- 1. Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- 2. Diante dun suposto** no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver **síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo** seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- 3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa

situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

**4.** No suposto da **aparición dun caso, ou dunha sospeita**, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 **incluírá na aplicación informática** a información prevista do eventual afectado/a relativa aos **contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado**, así como de quen sexa **persoa próxima vencellada ao centro educativo..**

**5.** A **familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

**6.** **Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19** seguíranse as **recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade**, sendo posible que nun centro teña que estar **illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

**7.** A **autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia **determinará** en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a **duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

**8.** A **autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun **único caso confirmado** nunha aula poderá supoñer a entrada en **corentena da totalidade do grupo** que conforma a aula e **do profesorado asignado a ese grupo.**
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo.**

**9.** A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

**10.** A **suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo segundo Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario

sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral 80 de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19 relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**11.** O **ensino non presencial** será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da plataforma EDMODO. O **profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual** a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas de reforzo.

**12.** Ao **comezo do curso o Equipo Covid elaborará unha enquisa para as familias onde se identificarán ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento**. Esta información será trasladada aos titores e utilizada para que se adopten as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

**13.** Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

**14.** De cara a un posible período de **suspensión da actividade presencial** o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar o ensino a distancia. O uso da páxina web do centro e o Tokapp como canles xerais de comunicación das novas. O correo electrónico e o teléfono das familias será empregado como canle de comunicación alternativa.
- Durante o mes de setembro realizaranse sesións de **formación para o profesorado**.
- Todo o **profesorado creará** antes do comezo da actividade lectiva, un código en EDMODO para cada unha das materias que imparte, **con recursos e actividades que irá engadindo ao longo do curso** e que permita ao alumnado seguir o proceso de aprendizaxe no suposto de docencia non presencial. • En setembro o equipo TIC do centro será o

encargado de coordinar, formar e dar de alta ao alumnado e profesorado, creando a conta de usuario na plataforma EDMODO.

- Cada docente debe verificar a **matricula no curso virtual do alumnado** e realizar nas dúas primeiras semanas de curso, **sesións formativas cos alumnos explicando a metodoloxía de traballo en caso de educación non presencial**.
- Cada docente poderá reservar a aula de informática e o taller durante as primeiras semanas para realizar estas tarefas.
- O alumnado da ESO ten a **posibilidade de traer o seu propio dispositivo ( portátil ou tablet)**.
- Os **Titores identificarán ao alumnado con problemas de conexión ou equipamento** durante as dúas primeiras semanas, realizando algunha proba dende **a casa**.
- Seguiremos a **colaborar co concello** para conseguir que todo o alumnado, especialmente o que se atope nunha **situación socio-económica desfavorable**, teña equipamento e acceso a internet.

## **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

**15. Finalizado o período de peche presencial** da aula, nivel educativo ou centro realizarase un **proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva**.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes **fases de reincorporación**:

### **Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: Unha semana.

Porcentaxe do alumnado na aula: 0%

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

## **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 5 xornadas lectivas

Porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea: 20 %.

Dividirase cada grupo/aula en 5 grupos de alumnado, e cada día da semana acudirá un grupo diferente

Obxectivos:

- Formar ao alumnado. Mediante obradoiros e simulacros na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans, desprazamento polo centro, protocolos de cambio de aula, etc. (Equipo Covid- 1 sesións de clase e tempos de lecer)
- Determinar uns obxectivos por aula para conseguir pasar de fase. (titor- 2 sesións) • Combinar o ensino presencial e a distancia.(profesorado)
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.(profesorado – 3 sesións) • Solucionar dúbidas relacionadas co ensino non presencial (aulas virtuais, entrega de tarefas, organización do traballo, etc.)

## **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: 3 xornadas lectivas

Porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea : 50 %.

Dividirase cada grupo/aula en 2 grupos de alumnado, e cada día acudirá un grupo diferente

Obxectivos:

- Combinar o ensino presencial e a distancia.(profesorado- horario habitual)
- Poñer en práctica as medidas traballadas no pequeno grupo.(profesorado)
- Acadar os obxectivos por aula para poder cambiar de fase. (Equipo Covid)

## **Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: 2 xornadas lectivas

Porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea : 100 %.

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases (Equipo Covid)
- Realizar unha avaliación para comprobar o grao de adquisición do traballado durante o ensino non presencial. (profesorado)
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego das ferramentas de ensino a distancia.

## **Engadimos a continuación as novas indicacións da Consellería do día 2 de Novembro de 2020, co fin de completar o Plan de Continxencia:**

A plataforma EDMODO, utilizarase de ser o caso e nos supostos de educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Establécese o ensino virtual como recurso en caso de corentena ou confinamento total. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario, que tamén realizará o seguimento do alumnado.

Preténdese proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- A interacción entre alumnado e profesor
- A realización de tarefas
- A avaliación do progreso

## **Principais medidas:**

- Desenvolvemento dun horario similar ao do ensino presencial, o chamado “horario espello”, empregando ferramentas de comunicación dixitais e a plataforma EDMODO. No noso centro, en educación secundaria o horario espello vai ser idéntico ao horario ordinario. Mentres que en primaria van a cumprir co 60% do horario presencial. Estes horarios poden consultarse no Anexo I.

- O profesorado titor terá unha sesión semanal de tutoría para atender a pais, nais, tutores legais. Anexo II.
- Distribución de medios informáticos en función das necesidades do alumnado. Para o cal se elabora en colaboración cos tutores unha listaxe de alumnos con necesidades de:
  - Ordenador/tablet de uso individual
  - Conectividade a internet de calidade para poder realizar video conferencias de calidade.
- Posta en marcha de mecanismos de avaliación e control do alumnado. O profesorado fará uso das ferramentas axeitadas para levar control de asistencia de xeito virtual e poder anotar as faltas no xade. O profesorado deberá levar control do seguimento virtual do alumnado en caso dun confinamento que non sexa de toda a clase, para dispoñer desa información se fose necesaria.
- Formación e información para o ensino a distancia, tanto ao profesorado como ao alumnado e as súas familias.

## Organización previa en centros

O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo:

- Elaborando un horario para o ensino a distancia, o “horario espello”
- Realizando simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche
- Analizando as necesidades de dispositivos electrónicos derivadas dunha hipotética situación de peche en coordinación coa Inspección Educativa. Esta acción se levará a cabo coa colaboración dos tutores.
- Identificar o profesorado que precise de formación nesta materia, que recibirá de xeito inmediato formación por parte do centro.

## Que facer se se decreta un peche ou confinamento

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación Tokapp School e publicará unha nova na web do centro. Ademais, habilitará na plataforma EDMODO os recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias.

## Actividade lectiva a distancia. Pasos:

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.

- Plataforma de videoconferencia que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- Plataforma EDMODO: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo

2. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo

3. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso

## Horario espello

Elaborarase un “horario espello” para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para alumnos e profesores e referencia para as familias, que deberá establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos. Este horario terá como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado.

Deberá respectarse a carga lectiva de cara área. Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

Os horarios deberán incorporarse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a súa difusión.

O centro establece para Secundaria como “horario espello” o mesmo horario do grupo para a ensinanza presencial e será publicado e para primaria o 60% do horario presencial.

## Control da avaliación e asistencia

O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

### Control de asistencia

Establecerase diariamente polo profesor mediante as ferramentas habituais.

### Control da avaliación

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. Cada profesor terá un único documento compartido con Xefatura de Estudos. Cunha frecuencia semanal como mínimo, o profesor/a anotará nese documento compartido un resume das actividades realizadas.

A orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para o alumnado e outra para as familias.

Os distintos departamentos do centro ten establecidos nas programacións didácticas de cada materia os instrumentos da avaliación para a ensinanza presencial , semipresencial e virtual.

## Formación e información

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia cómpre que o profesorado e alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñer a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso. Para iso:

- A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias e a plataforma EDMODO.
- Empregaranse os recursos formativos que posúe o centro ou solicitarase o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.

- O profesorado de cada área, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.

## **Distribución de medios informáticos**

A administración garantirá o dereito a educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

- O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir. A inspección trasladará á Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata.
- Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da plataforma EDMODO.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais .

## Anexo I. Horarios espello

En referencia á Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, este documento concreta os horarios do alumnado e profesorado en caso de corentena nunha aula ou de confinamento total.

No caso de peche en educación primaria adaptaranse os horarios á porcentaxe do 60%. No caso de secundaria manteranse os mesmos horarios que na docencia presencial:

A continuación, definimos, por etapas, os horarios espello.

### EDUCACIÓN PRIMARIA

| 3º E.P        |          |        |           |       |        |
|---------------|----------|--------|-----------|-------|--------|
|               | LUNS     | MARTES | MERCORES  | XOVES | VENRES |
| 9:00 - 9:45   | LC       |        |           |       | MAT    |
| 9:50 - 10:35  | MAT      |        | MAT       | EF    | CCSS   |
| 10:40 - 11:25 | LG       | CCNN   | CCSS      | CCNN  | LG     |
| 11:30 - 12:00 | RECREEO  |        |           |       |        |
| 12:00 - 12:45 | MÚS      | LC     | LG        | LC    | ING    |
| 12:50 - 13:35 | TIT PAIS | PLAS   | TIT ALUM. | ING   |        |
| 13:40 - 14:25 |          | EF     | ING       |       |        |

| 4º E.P.       |         |        |          |       |           |
|---------------|---------|--------|----------|-------|-----------|
|               | LUNS    | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES    |
| 9:00 - 9:45   |         |        |          |       |           |
| 9:50 - 10:35  | LC      | EF     | CCNN     | MAT   | CCSS      |
| 10:40 - 11:25 | MAT     | LC     | LG       | LC    | LG        |
| 11:30 - 12:00 | RECREEO |        |          |       |           |
| 12:00 - 12:45 | CCSS    | LG     | MAT      | EF    | ING       |
| 12:50 - 13:35 | MÚS     | CCNN   | ING      | PLÁS  | TIT ALUM. |
| 13:40 - 14:25 | ING     |        | TIT PAIS |       |           |

| <b>5° E.P.</b>       |               |               |                 |              |               |
|----------------------|---------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
|                      | <b>LUNS</b>   | <b>MARTES</b> | <b>MERCORES</b> | <b>XOVES</b> | <b>VENRES</b> |
| <b>9:00 - 9:45</b>   |               |               |                 |              |               |
| <b>9:50 - 10:35</b>  | MAT           | MAT           | ING             |              | LG            |
| <b>10:40 - 11:25</b> | LC            | CCSS          | LC              | ING          | MÚS           |
| <b>11:30 - 12:00</b> | <b>RECREO</b> |               |                 |              |               |
| <b>12:00 - 12:45</b> | ING           | EF            | CCNN            | PLÁS         | MAT           |
| <b>12:50 - 13:35</b> | CCNN          | LG            | CCSS            | LC           | TIT ALUM.     |
| <b>13:40 - 14:25</b> | LG            | TIT PAIS      |                 | EF           |               |

| <b>6° E.P.</b>       |               |               |                 |              |               |
|----------------------|---------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
|                      | <b>LUNS</b>   | <b>MARTES</b> | <b>MERCORES</b> | <b>XOVES</b> | <b>VENRES</b> |
| <b>9:00 - 9:45</b>   |               |               |                 |              |               |
| <b>9:50 - 10:35</b>  | MAT           | MAT           | LC              | LC           | MÚS           |
| <b>10:40 - 11:25</b> | EF            | EF            | ING             | MAT          | LC            |
| <b>11:30 - 12:00</b> | <b>RECREO</b> |               |                 |              |               |
| <b>12:00 - 12:45</b> | CCNN          | LG            | CCNN            | ING          |               |
| <b>12:50 - 13:35</b> | PLÁS          | CCSS          | LG              | CCSS         | ING           |
| <b>13:40 - 14:25</b> | LG            | LECTURA       | TIT PAIS        | TIT ALUM.    |               |

## EDUCACIÓN SECUNDARIA

| <b>1º E.S.O. A</b>   |               |               |                 |              |               |
|----------------------|---------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
|                      | <b>LUNS</b>   | <b>MARTES</b> | <b>MERCORES</b> | <b>XOVES</b> | <b>VENRES</b> |
| <b>9:00 - 9:45</b>   | BIO           | ING           | BIO-XEO         | VAL ET       | EF            |
| <b>9:50 - 10:35</b>  | MAT           | LC            | LG              | FR           | ING           |
| <b>10:40 - 11:25</b> | X-H           | FR            | ING             | LC           | MAT           |
| <b>11:30 - 12:00</b> | <b>RECREO</b> |               |                 |              |               |
| <b>12:00 - 12:45</b> | EF            | LG            | LC              | X- H         | LG            |
| <b>12:50 - 13:35</b> | LG            | BIO-XEO       | PLAS            | MAT          | LC            |
| <b>13:40 - 14:25</b> | TIT           | MAT           | MAT             | BIO          | X-H           |
| <b>16:30 - 17:15</b> |               | PLÁS          |                 |              |               |
| <b>17:20 - 18:05</b> |               | REF X-H       |                 |              |               |

| <b>1º E.S.O. B</b>   |               |               |                 |              |               |
|----------------------|---------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
|                      | <b>LUNS</b>   | <b>MARTES</b> | <b>MERCORES</b> | <b>XOVES</b> | <b>VENRES</b> |
| <b>9:00 - 9:45</b>   | MAT           | LC            | LC              | LC           | LG            |
| <b>9:50 - 10:35</b>  | LC            | ING           | BIO             | BIO          | MAT           |
| <b>10:40 - 11:25</b> | LG            | TIT           | PLÁS            | FR           | EF            |
| <b>11:30 - 12:00</b> | <b>RECREO</b> |               |                 |              |               |
| <b>12:00 - 12:45</b> | X-H           | FR            | MAT             | MAT          | X-H           |
| <b>12:50 - 13:35</b> | ING           | MAT           | LG              | X-H          | ING           |
| <b>13:40 - 14:25</b> | PLÁS          | BIO           | EF              | VAL ET       | BIO           |
| <b>16:30 - 17:15</b> |               | REF X-H       |                 |              |               |
| <b>17:20 - 18:05</b> |               | LG            |                 |              |               |

**2º E.S.O. A**

|               | LUNS          | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|---------------|--------|----------|-------|--------|
| 9:00 - 9:45   | X-H           | LG     | X-H      | MAT   | MAT    |
| 9:50 - 10:35  | ING           | MAT    | ING      | FQ    | EF     |
| 10:40 - 11:25 | MÚS           | FQ     | FQ       | X-H   | LG     |
| 11:30 - 12:00 | <b>RECREO</b> |        |          |       |        |
| 12:00 - 12:45 | MAT           | FR     | MAT      | FR    | MÚS    |
| 12:50 - 13:35 | EF            | TEC    | LG       | LC    | TEC    |
| 13:40 - 14:25 | LC            | TEC    | VAL ET   | ING   | LC     |
| 16:30 - 17:15 |               | REF LC |          |       |        |
| 17:20 - 18:05 |               | TIT    |          |       |        |

**2º E.S.O. B**

|               | LUNS          | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|---------------|--------|----------|-------|--------|
| 9:00 - 9:45   | F y Q         | MAT    | F y Q    | LG    | X-H    |
| 9:50 - 10:35  | MAT           | VAL ET | EF       | FR    | TEC    |
| 10:40 - 11:25 | ING           | FR     | MAT      | MAT   | MAT    |
| 11:30 - 12:00 | <b>RECREO</b> |        |          |       |        |
| 12:00 - 12:45 | X-H           | F y Q  | LG       | TEC   | LC     |
| 12:50 - 13:35 | LC            | ING    | X-H      | MÚS   | MÚS    |
| 13:40 - 14:25 | TIT           | LG     | ING      | LC    | EF     |
| 16:30 - 17:15 |               | TEC    |          |       |        |
| 17:20 - 18:05 |               | REF LC |          |       |        |

**3º E.S.O.**

|               | LUNS            | MARTES | MERCORES        | XOVES           | VENRES          |
|---------------|-----------------|--------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 9:00 - 9:45   | LC              | X-H    | ING             | MAT AC / MAT AP | MAT AC / MAT AP |
| 9:50 - 10:35  | CC / FR         | F y Q  | MAT AC / MAT AP | F y Q           | LG              |
| 10:40 - 11:25 | MAT AC / MAT AP | VAL ET | LG              | PLÁS            | CC / FR         |
| 11:30 - 12:00 | <b>RECREO</b>   |        |                 |                 |                 |
| 12:00 - 12:45 | TEC             | BIO    | EF              | X-H             | ING             |
| 12:50 - 13:35 | TEC             | LG     | TIT             | BIO             | EF              |
| 13:40 - 14:25 | X-H             | ING    | LC              | MÚS             | MÚS             |
| 16:30 - 17:15 |                 | LC     |                 |                 |                 |
| 17:20 - 18:05 |                 | PLÁS   |                 |                 |                 |

**4º E.S.O.**

|               | LUNS          | MARTES | MERCORES   | XOVES      | VENRES |
|---------------|---------------|--------|------------|------------|--------|
| 9:00 - 9:45   | TIC / FR      | MAT AC | TIC / FR   | ING        | LC     |
| 9:50 - 10:35  | MAT AC        | LAT    | LG         | X-H        | F y Q  |
| 10:40 - 11:25 | LC            | F y Q  | MAT AC     | F y Q      | MAT AC |
| 11:30 - 12:00 | <b>RECREO</b> |        |            |            |        |
| 12:00 - 12:45 | ING           | X-H    | LAT        | BIO / PLÁS | EF     |
| 12:50 - 13:35 | BIO / PLÁS    | TIT    | EF         | LG         | X-H    |
| 13:40 - 14:25 | LAT           | VAL ET | BIO / PLÁS | TIC / FR   | ING    |
| 16:30 - 17:15 |               | LG     |            |            |        |
| 17:20 - 18:05 |               | LC     |            |            |        |

## ANEXO II. Horarios tutorías

Horario de atención pais/nais/titores en Educación Primaria:

| Curso | Titor/a                     | Día      | Hora         |
|-------|-----------------------------|----------|--------------|
| 3º EP | Mónica López Lage           | Luns     | 12.50-13.40h |
| 4º EP | Julio C. Martínez Fernández | Mércores | 13.40-14.30h |
| 5º EP | Alberto Vázquez Hernández   | Martes   | 13.40-14.30h |
| 6º EP | Ana Mª MagánGutiérrez       | Mércores | 13.40-14.30h |

Horario de atención pais/nais/titores en Educación Secundaria:

| Curso    | Titor/a                  | Día    | Hora         |
|----------|--------------------------|--------|--------------|
| 1º ESO A | Lorena García Lago       | Luns   | 10.40-11.30h |
| 1º ESO B | MªJesús Chaves Sobrino   | Luns   | 12.00-12.50h |
| 2º ESO A | Andrea Durán Santos      | Xoves  | 10.40-11.30h |
| 2º ESO B | Marcos Paramos Soutelo   | Venres | 12.50-13.40h |
| 3º ESO   | JoseLuis Garrote Pintos  | Xoves  | 12.00-12.50h |
| 4º ESO   | Lucinda Da Casa Reboreda | Venres | 12.00-12.50h |